

**POSIBLES IDEAS PARA
UNHA HOMILÍA CON NENOS
05 XANEIRO 2020**

**NADAL:
Xesús é a Palabra de Deus.**

1. VER: A celebración do Nadal.

-Dialogamos sobre o que facemos en Nadal en casa, na parroquia, que recibimos, como participamos, que nos fai máis ilusión.

-Recordo aquel conto chamado “o soño de María” no que María conta a Xosé o soño que acaba de ter: a xente preparaba agasallos de Nadal pero non eran para Xesús, poñían unha gran mesa pero nin Xesús, nin Xosé nin ela estaban invitados; facían os preparativos do aniversario de Xesús pero non dicían o seu nome nin o coñecían... E conclúe María: que tristeza para Xesús non ser desexado na súa propia festa de cumpre!

*Que celebramos no Nadal?
E Xesús, é querido, desexado, nomeado?*

2. XULGAR: Xesús é a Palabra Deus.

-No evanxeo deste domingo fálasenos do significado do nacemento de Xesús entre nós. Dísenos que Deus se fixo Palabra, *“a Palabra era a luz verdadeira”...*, *“e a Palabra fíxose carne e acampou entre os homes”*.

QUE NOS QUERE DICIR DO MISTERIO DO NADAL?

Deus faise Palabra de Deus, Deus-con-nós, acampa entre nós:

-**Deus faise neno para vir ao teu encontro** se lle deixas entrar na túa vida.

**Non o rexeites, ábrelle o corazón, acólleo.*

-**Deus faise neno para darche o seu amor**, encherte de tenrura.

**Abrázao, cre nel, adórao.*

-**Deus faise neno para ser o teu amigo**, o Deus con-nosco.

**Déixao ser o teu amigo, o teu compañeiro, rézalle, comparte con el toda a túa vida.*

-**Deus faise neno para salvarte**, perdoarche.

**Recoñéceo como o teu Deus e salvador, acode a el en busca do seu perdón.*

-**Deus faise neno para ser Palabra de Deus**, por el sabes como é Deus e o que quere.

**Coñece a súa Palabra, escóitaa, valóraa, deixa que sexa a luz que te guía.*

**Como vivir mellor o misterio do Nadal?
Como celebralo como cristiáns?**

3. ACTUAR: Abre o teu corazón á Palabra.

-Queda contemplando só ou en familia o Neno Xesús e maniféstalle o teu amor, “dálle grazas por compartir todo con nós para non deixarnos nunca sos” (Francisco).

-Abre os evanxeos e le o nacemento de Xesús e reza con el ante o belén (Mt. 1 18-24 e 2, 1-12).

-Poñemos unha tenda o unha mochila, un foco, unha biblia e un Neno Xesús cun cartel: “Deus acampa entre nós”.

-Se Deus se fai home cada persoa ten dignidade, trátaas así.

Que ides facer?

A PALABRA

- **ECLESIÁSTICO 24, 1-2. 8-12: *A sabedoría de Deus habitou no pobo escollido.***



El a sabedoría fai a súa propia loanza, **atopa o seu honor en Deus e se gloria no medio do seu pobo.** Na asemblea do Altísimo abre a súa boca e se gloria ante o Poderoso.

«O Creador do universo deume unha orde, o que me creou estableceu a miña morada e díxome: *“Pon a túa tenda en Xacob, e fixa a túa herdade en Israel”.*

Desde o principio, antes dos séculos, creoume, e nunca máis deixarei de existir. Exercín o meu ministerio na Tenda santa diante del, e así establecinme en Sión.

Na cidade amada atopei descanso, e en Xerusalén reside o meu poder. Arriguei nun pobo glorioso, na porción do Señor, na súa herdade».

Palabra do Señor.

- **SALMO. 147:**

O Verbo fíxose carne e habitou entre nós.

- **EFESIOS 1, 3-6. 15-18: *El destinounos por medio de Xesucristo a ser os seus fillos.***

XOÁN 1, 1-5. 9-14 (Breve): O Verbo fíxose carne e habitou entre nós.

Narrador: No principio existía o Verbo, e o Verbo estaba xunto a Deus, e o Verbo era Deus. El estaba no principio xunto a Deus. Por medio del fíxose todo, e sen el non se fixo nada de canto se fixo. Nel estaba a vida, e a vida era a luz dos homes. E a luz brilla na tebra, e a tebra non o recibiu.

O Verbo era a luz verdadeira, que aluma a todo home, que vén ao mundo. No mundo estaba; o mundo fíxose por medio del, e o mundo non o coñeceu.

Veú á súa casa, e os seus non o recibiron. Pero a cantos o recibiron, deulles poder de ser fillos de Deus, aos que cren no seu nome.

Estes non naceron de sangue, nin de desexo de carne, nin de desexo de varón, senón que naceron de Deus.

E o Verbo fíxose carne e habitou entre nós, e contemplamos a súa gloria: gloria como do Unixénito do Pai, cheo de graza e de verdade.

Palabra del Señor.

(Narrador-Anxo).